


# II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA OBXECTIVO IGUALDADE

Que é para ti a Igualdade?  
Mulleres que inspiran



RIBADEO



## 1.- Descrición

O Concello de Ribadeo, a través do Centro de Información á Muller (CIM), convoca unha nova edición do Concurso de Fotografía pola Igualdade. Queremos que a cámara capte o que significa a igualdade e como as mulleres son fonte de inspiración no día a día, visibilizando realidades, historias e miradas diversas que contribúan á construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

## 2.- Temática

O lema desta edición é:

“Que é para ti a igualdade. Mulleres que inspiran”

A idea é amosar, a través dunha imaxe, historias, situacións ou persoas que representen igualdade, forza, compromiso, superación e inspiración feminina en calquera ámbito da vida.

## 3.- Obxectivo

Dar visibilidade ao papel das mulleres na nosa sociedade.

Fomentar a reflexión crítica sobre a igualdade de xénero.

Promover a concienciación social a través da arte fotográfica.

## 4.- Categorías de participación

Categoría A: Mozas e mozos de 12 a 17 anos, residentes en Ribadeo.

Categoría B: Persoas maiores de 18 anos, residentes en Ribadeo.

Categoría C: Centros de Educación Secundaria Obrigatoria e FP da localidade.

## 5.- Participación



Cada persoa participante poderá presentar unha única obra. Na Categoría C, os centros educativos poderán presentar unha fotografía por curso (6º de Primaria, 1º, 2º, 3º e 4º de ESO e FP). As obras deberán ser orixinais e inéditas e non ter sido premiadas nin estar pendentes de resolución noutros concursos.

## 6.-Calendario

Prazo de presentación:

Do 5 ao 17 de marzo de 2026, ata as 14:00

h. Resolución e publicación dos resultados:

24 de marzo de 2026.

Exposición pública das obras seleccionadas:

Abril de 2026.

## 7.- Requisitos técnicos das obras obras

As fotografías se presentaran exclusivamente en formato dixital JPG.

Técnica libre, en branco e negro ou en cor.

Resolución: 300 ppp.

## 8.- Envío das obras

As fotografías deberán enviarse por correo electrónico a: [cim@ribadeo.gal](mailto:cim@ribadeo.gal)

Asunto do correo:

“Concurso fotografía igualdade” + categoría

Cada envío deberá incluír:

- Fotografía en formato JPG, nomeada co título da obra.
- Anexo e declaración responsable cubertas (modelo ao final destas bases).
- No caso de pertencer á categoría C, deberá especificarse o centro educativo no anexo

## 9.- Dereitos de imaxe

Se na fotografía aparece unha persoa recoñecible, deberá achegarse a correspondente autorización asinada para o uso da súa imaxe. No caso de menores de idade, a autorización deberá estar asinada pola nai, pai ou persoa titora legal. A falta desta autorización suporá a exclusión automática da obra.



## 10.- Xurado e selección

O xurado seleccionará as obras que estime adecuadas segundo criterios de:

Calidade técnica e artística.

Creatividade.

Sensibilidade e adecuación á temática.

As obras seleccionadas serán expostas.

## 11.-Premios

### Categoría A :

Mozas e mozos de 12 a 17 anos residentes en

Ribadeo: Premio único: 300 €

### Categoría B:

Maiores de 18 anos, residentes en Ribadeo:

Premio único: 400 €

### Categoría C — Centros educativos :

Premio único: Vale cultural ou deportivo por valor de 50 € + diploma + publicación da fotografía.

Premio ao centro educativo :

Lote de material cultural ou deportivo valorado en 100 €.

## 12.- Propiedade e uso das obras

As persoas participantes que sexan premiadas ceden en exclusiva, de maneira total, gratuíta e irrevogable todos os dereitos de reprodución ilimitada en tempo e lugar sen que a iso sexa obstáculo o dereito de propiedade intelectual que corresponde ao autor ou autora que, en caso de utilizar en todo ou en parte a súa obra premiada deberá indicar



expresamente, e constar nela, a reserva dos dereitos que corresponden ao Excmo. Concello de Ribadeo, conforme ao que establece o Art. 48 da lei de Propiedade Intelectual.

A participación neste concurso implica a aceptación das bases do mesmo e do fallo do Xurado.

A organización poderá introducir, se o cre necesario, as modificacións que estime conveniente para o bo funcionamento do concurso. Da mesma maneira coidará das obras presentadas, pero non se fai responsable da integridade en casos de danos fortuítos e/ou involuntarios.

Se durante o desenvolvemento do concurso compróbase que algunhas das obras presentadas foron plaxiadas, a organización descualificará automaticamente á persoa e á súa obra. As persoas participantes eximen á Consellería de Igualdade do Excmo. Concello de Ribadeo e á súa organización, da responsabilidade do plaxio ou de calquera transgresión da normativa vixente en materia de propiedade intelectual en que puidesen incurrir.

### **13.- Protección de datos**

Os datos persoais serán tratados conforme ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

### **14.- Publicación das bases**

As bases poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

A participación no concurso supón a total aceptación das bases da convocatoria.

Para calquera información en relación co Concurso poden dirixirse a: [cim@ribadeo.gal](mailto:cim@ribadeo.gal)  
Tfno. 982120739

Ribadeo, na data da sinatura electrónica

BEGOÑA SANJURJO SANTAR



ANEXO**I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA**

OBXECTIVO IGUALDADE 2026

“ Que é para ti a Igualdade?”

**Título da FOTOGRAFÍA.**

cuxo significado é o seguinte:

DATOS d@ autor/aNome e apelidos \_\_\_\_\_ Idade  
\_\_\_\_\_Dirección \_\_\_\_\_ nº de DNI/NIE:  
\_\_\_\_\_

Teléfono de contacto

Así mesmo, autorizo ao Excmo. Concello de Ribadeo á reprodución total ou parcial da miña obra en exposicións, catálogos, folletos, páxinas web, redes sociais e calquera outra actividade no marco deste concurso.



O que fago constar para os efectos oportunos en ... .. , a de de 2026.

Fdo:

A persoa que asina declara que coñece e acepta as bases do concurso

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna. \_\_\_\_\_ con  
NIF \_\_\_\_\_, actuando en nome propio no II CERTAME DE FOTOGRAFÍA  
IGUALDADE. CONCELLO DE RIBADEO,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que é certa e completa a información que se fai constar na presente declaración:

- a) Que non me atopo incurso/a en ningunha prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións públicas das previstas no art. 13.2 da Lei xeral de subvencións.
- b) Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda local, estatal, autonómica e co Concello de Ribadeo.
- c) Que me atopo ao corrente no pago de obrigacións por reintegro de subvencións, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

E para que así conste e teña os efectos oportunos, asino este escrito en Ribadeo con data \_\_\_\_ /  
/ 2026

Asdo.:

